PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, reunirase o próximo día 4 de novembro de 2020, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

1.1 2052 (11/POC-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, así como coa Estratexia galega de acción exterior
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*

1.2 2504 (11/POC-000396)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de mellorar pola Administración pública autonómica a avaliación da eficacia e eficiencia das políticas públicas diante da situación de restrición financeira que impón a actual crise económica e as perspectivas dunha lexislatura marcada pola crise sanitaria, así como os mecanismos que posúe para ese fin e o persoal destinado a ese labor
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

2.1 958 (11/PNC-000070)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co protocolo para a retirada dos niños do tártago negro de patas amarelas ("Vespa velutina nigrithorax") e a situación da praga
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020*

2.2 2313 (11/PNC-000229)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 11 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Estado de dereito

e a defensa da propiedade privada como dereito fundamental, así como as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. (Procedemento de urxencia)

*Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 23, do 30.09.2020*

2.3 2541 (11/PNC-000270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co déficit de efectivos da Unidade de Policía Adscrita, así como de axentes da Policía Nacional existente en Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020*

2.4 2967 (11/PNC-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.10.29 19:37:32 +02'00'

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias